

Alerta de nivel LARANXA por refachos de vento mañá martes 26 de novembro

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 90-100km/h**, que comezará mañá, **martes día 26.11.2019 ás 14.00 horas e prolongarase ata as 00:00 horas do día 27.11.2019**. Este adverso afectará ás zonas de **predición meteorolóxica do interior da provincia da Coruña**, a Mariña, montaña e centro da provincia de Lugo, interior da provincia de Pontevedra, e o sur e montaña da provincia de Ourense.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. **A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES NO EXTERIOR** nos centros educativos situados nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A autoridade educativa comunicará esta incidencia ás direccións dos centros escolares afectados, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades extraescolares.

A información meteorolóxica poderá ser consultada a través da páxina web da AEMET

<http://www.aemet.es/es/eltiempo/prediccion/avisos?w=mna&k=gal>

A Dirección